



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 20 DE SETEMBRO DE 2016.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte de setembro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**

Non asiste a concelleira D^a. M^a Montserrat Magallanes Alvarez

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 06.09.2016)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 6 de setembro de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- SUBVENCIONS

Vista a Orde de 5 de agosto de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración cos entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA aprobar a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local e solicitar á consellería a subvención para a súa contratación.

Vista a resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local, Organo competente para elo, ACORDA:

- 1.- Solicitar axudas do **Programa de prevención da violencia de xénero** e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria de acordo co seguinte cadro:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xenero	6.000,00 €	5.640,00 €

2.- Solicitar axudas do **Programa de apoio ós CIM** e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria de acordo co seguinte cadro:

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Subvención para os postos de dirección, asesoramento xurídico, atencións psicolóxica	40.548,96 €	40.548,96 €

PUNTO 3.- ACORDOS

Lese o escrito RE 5.748 de data 7 de setembro de 2016, presentado por D. Manuel Castro Vicente, en representación de ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Transv. Troncoso, nº 3-baixo da Guarda, comunicando a súa intención de continuar coa organización das Festas do Monte 2017 e informando das distintas actividades relacioandas coas mesmas.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 5.916 de data 14 de setembro de 2016, remitido por AUGAS DE GALICIA, comunicando que se activou o estado de prealerta hidrolóxica no Sistema de Explotación 2: Costa de Pontevedra da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, e solicitando a colaboración do Concello para establecer as medidas que se consideren apropiadas para levar a cabo unha labor de concienciación cidadá e un control axietado dos usos da auga que se realicen no Concello.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 5.947 de data 15 de setembro de 2016, presentado polo CEIP PLURILINGÜE AS SOLANAS - NICOLÁS GUTIERREZ CAMPO, comunicando a resolución do Consello Escolar de non emitir ningunha resolución sobre a petición de sondaxe para ampliación da Escola Infantil Municipal ata a presentación dun proxecto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 5.945 de data 15 de setembro de 2016, presentado polo CEIP PLURILINGÜE AS SOLANAS - NICOLÁS GUTIERREZ CAMPO, solicitando a presenza dun policía local nas entradas e saídas dos nenos no centro debido á perigosidade existente.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a posibilidade en función do persoal dispoñible e da prioridade que establece a Policía Local en relación coa perigosidade de cada centro.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 5.859 de data 12 de setembro de 2016, presentado por D. ASER FERREIRA RODRIGUEZ, actuando en representación de Avelaiña Saude Mental, con enderezo na rúa Coruto Vello, nº 33 da Guarda, solicitando permiso para o uso do Centro Social de Salcidos ata decembro deste ano para levar a cabo actividades cos usuarios de dita asociación.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 5.815 de data 9 de setembro de 2016, presentado por Dna. Nélida Rodríguez Giraldez, en representación de CRUZ VERMELLA BAIXO MIÑO, solicitando permiso para dispoñer dunha aula na Casa de Oficios os días 8, 15 e 22 de outubro para realizar un curso de primeiros auxilios básicos.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

O Sr. Alcalde da conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de fixación do prezo público pola actividade cultural “Caminha e A Guarda camiñan de Santiago a Fisterra” esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar o prezo público pola actividade cultural “Caminha e A Guarda camiñan de Santiago a Fisterra en 50 euros.

Segundo.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 30 días hábiles que empezarán a contar a partir do seguinte á publicación no BOP, para que os interesados poidan examinalo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos membros presentes, aprobar dita proposta.

Sendo as trece horas e trinta minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretaria dou fe.